

## Narrativa

# Eu vin a Santa Compañía

Aurora GARCÍA RIVAS

A min non me pode dicir ninguén que a Santa Compañía nun existe, porque eu vina. E o que unha ve cos seus ollos, pode xuralo coa man posta nos Santos Evanxeos porque é verdade.

“Que diola fade ben!” Supoño que iso o dirían todas as veciñas e parentes cando foron verme, e ver a miña mai que acababa de parirme. Aínda anda pola casa vella o berce onde nos criamos meus irmáns e eu. É un berce pequeno, moi pequeniño, así que seríamos como escóuzaros, digo eu, polo expertos e polo ruíns.

Non sei se de verdade, as bendicións das veciñas eran das boas o houbo algunha que me botou mal de ollo —ao mellor por unha daquelas teimas vellas entre aldeáns—, que me criei frouxa e chorona como filla de princesa. Nin sequera o ovo que miña avoa nos empezou a fritir, para partilo en dous, a meu irmán e a min, debeu de valer máis que para poñerme algo de cor nos papos. Tan branca era e tan descolorida, e ás veces tan cincenta, que debían ter todos a ilusión de que aquilo do ovo era máis que unha boa merenda e eu tiña que medrar pola forza que tiña a metade dun ovo.

O caso é que miña avoa, que viñera de Cancelos de Taramunde, para casar con meu avó na Antigua de San Tiso, trouxera con ela todas cantas *supercherías* aprendera na súa terra e as que fora amecendo das da nosa, e nas que cría como se fosen a mesma fe cristiá.

Miña avoa nun podía ver que se lles pegara aos cochos coa vasoira, porque dicía que iso poñía marelo e rancio o touciño, ou que se cerrara o cuarteirón de enriba antes que o de embaixo porque iso deixaba fisgoas para que entrasen os malos espíritos na casa; nin tampouco que se arimasen as muchicas coas estelas, que iso revolvíaaas de máis e facialles penar máis da conta ás ánimas do Purgatorio.

Xa nin me acordo de cantas cousas tiña que acordarme eu para ir aprendendo aquelas maneiras de vida que nin entendía nin me interesaban, nada máis me metían medo. Que aquilo de que esas cousas non me ían levar máis para aló da fonte do Escouredal, e que me ían valer para

pouco, sóubeno co tempo. Daquela eran como a doutrina da igrexa.

Mais o peor, o que máis me fixo padecer de pequena, o que de verdade me tiña a alma nun puño, era o asunto da Santa Compañía. Miña avoa contábame con pelos e sinais, e case todos os días, como ela a vía no Pico da Mourela, cando ía morrer alguén. Falaba dunha rea de pantasma, que andaban como espíritos en pena, toda a noite, dende o Sur ao Norte, e despois daban a volta para iren indo do Norte ao Sur, nunha procesión sen comezo nin cabo. Diante ía un deles, dos fantasmas, cunha cruz moito meirande ca el, e detrás outro fantasma con un caldeiro cheo de auga bendita. Os máis levaban velas prendidas que cheiraban a cera dos defuntos, e arrastraban cadeas que soaban e oíanse a moitas leguas de distancia. Todos choramicaban con moito dó e queixábanse das penas que estaban a pasar, penas meirande que as do inferno porque ía encadeados uns aos outros e non tiñan maneira de librarse daquel penar.

Miña avoa dicía que antes de durmir, ela abría as contras do cuarto de enriba e vía aqueles espectros que pasaban un tras doutro, nunha procesión de carapuchos e sabas brancas que parecía que nun tapaban ningún corpo, que nun levaban nada debaixo, nada máis que eran sabas baleiras que andaba solas. Despois púñanse derriba da casa do que fora morrer e os cans empezaban a oulear co rabo entre as patas, e aos gatos púñanselles os pelos como espiñas e avultaban máis que un porcoteixo.

Eu era pequena, pequena e frouxa, e tíñalle moito medo á morte. Aqueles contos nun me axudaban moito a ter algo de valor, mais ás veces, e por desafiar o medo, levantábame da cama e ía ver a noite pola ventá, para alén da aldea. Tanto daba, porque a non ser que houbese boa lúa, non se vía nin a xurar.

Esquecín contar que entre meu irmán e eu, des que viñamos da escola, tiñamos que facer os labores da casa: baixar do rego a auga para os cochos, relarlles os nabos ou a remolacha, picar na leña, ir á fonte, apañar as verzas, estrar as cortes... e esa

chea de traballos que parecen zarapalladas mais que non o son. Iso quitáballes moito traballo aos nosos pais que viñan moi cansos do monte ou das leiras. Eu tiña que ser eu a que cerrara as pitas e a que apañara os ovos se os había. As nenas, xa se sabe, parece que teñen máis coidado con algunhas cousas.

Pois un día, á noitiña, chegou miña avoa non sei de onde, e preguntoume se lles choera ás pitas. E eu esquecérao. Díxome que fose cerrarles e eu díxenlle que non. Entón deume dúas cachoadas e botoume a andar camiño do poleiro. Eu non quería ir porque era case de noite e tiña medo. Non me valeu protestar. Tiven que ir. Como era esa hora, que ela por si mesma xa é fantasmal dabondo, eu vía cousas ben terribles: mentres que choraba aos berros —para que me sentisen dende a casa, para nun sentirme soa e para conxurar o medo—, miraba para un lado e para o outro e as canas das ameixeiras parecíanme mans que querían botar comigo, os gouños eran tapóns da boca do inferno, de onde os demos ía saír en calquera momento para levarme con eles. Calquera garabullo parecíame unha cobra que se me ía enroscar no pescozo e levarme ao fin do mundo; un zarapico que andaba por alí, retrasado de durmir, pareceume un morcego monstruoso que viña por min.

Cando din chegado ao galiñeiro, as pitas empezaron a cacarexar e a min deume por mirar para o monte, para aló de Solmaior, que se ve moi ben dende a Antigua, e entón vina. Vin a Santa Compañía. Vina tal como miña avoa mo contara: unha rea de pantasma con velas prendidas que cheiraban a cera como a da igrexa. E sentín as cadeas que levaban nos pes, vin a cruz e o pantasma co caldeiro... sentín os laios das ánimas penando polo mundo e paróuseme o corazón. Nun me deu tempo nada máis que de sacudir o cuarteirón de baixo para espantar unha pita que estaba encolada nel. A pita caeu do outro lado e quixo saír pola físgoa que quedaba entre a porta e a parede, e eu, cos apuros tan grandísimos que tiña, espantada de medo, cerrei a porta dun golpe e na

escuridade vin a cabeza de pita tronzada diante dos meus pés, mentres o resto dela aínda bateu ás asas un bocadiño dentro do poleiro.

Empecei a berrar con tales berros que chegou miña mai e colleume no colo mentres me daba chuchos sen parar e eu tremía como una folla nun amieiro. Chegou comigo á casa e quen sabe o que lle rifou a miña avoa. Debía ter eu as meixelas tan brancas como unha morta, que até me deron manzanilla con azucre e malvarisco, que nada máis nolo daban cando estabamos malos, mentres que miña mai me consolaba e me dicía:

— Anda, neniña, non fagas caso, son tolarías de túa avoa.

O milagre foi que nun me rifou ninguén por tronzarlle a cabeza á pita. E o outro milagre foi que comemos pita tres días: con arroz un día, e guisada outro, e ao outro, miña mai fixo sopa de San Miguel<sup>1</sup> cos figados, as coradas e as patas e uns pedaciños que non valían para outra cousa. Ninguén dixo nada da pita morta, e iso que a morte dunha pita era asunto serio, supoñía ao mellor perder dúas ou tres pesetas de ovos para pagarlle ao médico se había que chamalo, ou mercar unha chombra nova, ou traer un cocho pequeno para crialo, ou poder pagarlle ao albardeiro cando viña amañar a albarda do burro e as muldas das vacas... ou outro caldeiro, que o vello nun daba xa para máis mendos... e inclusive pagar unhas misas ao cura polas ánimas dos defuntos da familia. Tampouco eu o entendía daquela. Mais meu pai díxome :

— Non chores máis *pitín*, que non vai morrer ninguén. Ninguén morre até que lle chega a hora, nin con pantasma nin sen eles.

E miña mai levoume para a cama no colo e quedou comigo até que adormecín.

E non sei que máis pasou, mais miña avoa nunca me volveu contar nada da Santa Compañía. Agora non a vexo, é verdade, nin volvíu vela, pero aquela imaxe nunca xamais se me borrará dos ollos, porque daquela eu vina. Aquela noite eu vin a Santa Compañía. E podo xuralo.

<sup>1</sup> Meu irmán e eu chamábalosle sopa de San Miguel á sopa de fideos que nos consolaba e que comiamos nada máis que o día de San Miguel, que era a festa da nosa aldea.

# O que dura unha casete na miña habitación

(Primeiro Premio Castelao de microrrelato)

**Raquel RIVAS RODRÍGUEZ**

## **Canción número un**

Pecha os ollos e escoita como latexa. Góstame saber que hoxe te quedarás a durmir, levaba tanto tempo agardando. Góstame saber que estamos sós, góstame saber que ti tamén dás bicos de bolboreta.

## **Canción número dous**

Os faros aínda se seguen iluminando con velas, os nenos séguense escondendo tras os pasamáns, o noso segredo sabe a pétalos colleitados na illa do tesouro, o noso segredo escóndese baixo as profundidades do mar de Madrid en forma de chave duplicada.

## **Canción número tres**

En Budapest non vai frío porque eu río, os beizos vermellos fan xogo coa miña camiseta branca e a túa camiseta negra. No Vips xa non hai piruletas, compráchelas ti todas mentres eu roubaba regalicias en forma de pezas de roupa.

## **Canción número catro**

Non recordan cando se dixeron que se querían, só saben que non foi no seu idioma porque no seu estaban demasiado afeitos a mentir e as palabras xa as tiñan demasiado desgastadas.

## **Canción número cinco**

Inda que remate esta casete teremos a opción de rebobinala sempre e se as máquinas non dan abasto co traballo colleremos lapis e farémolo nós mesmos.

## **Canción número seis**

Agora chega o momento álxido, agora chegan os bises.



# Suízos e xaponeses

Anxos SUMAI

Para Xesús Constela:  
un grolo polo Shakespeare Destilado!

O primeiro vaso de viño sóbome a raios e tardei moito tempo en volver probalo. Era un sabor áspero, que me quedou apegado á lingua e ao ceo da boca, e o ulido lembroume o interior das tabernas porcallentas e escuras do meu barrio. Pero sobre todo lembroume o cheiro acedo que alagaba a casa cando o avó chegaba borracho pola noite. E aquelas apertas que me obrigaba a darlle namentres el, eufórico, me asfixiaba contra o figado inchado por tantísimos litros de alcol de merda, de viño barato. E despois os seus vómitos na escaleira ou no portal daquel edificio de catro plantas levantado sobre terra de coios nunha das zonas máis deprimidas da cidade, un edificio de cemento disimulado baixo unha capa de pintura ocre que escurecía un pouco máis cada inverno e que o sol arrincaba no verán como agora arrinco eu a laca das unllas mordéndoas cos dentes.

O meu avó era un bo ghicho. Un home grande, gordo e con esa innegable cara de alcólico: os ollos brillantes e afundidos entre as pálpebras inchadas, o nariz enorme e cheo de cráteres —o nariz sempre colorado coa mesma cor morada do viño—, o sorriso lelo cando sorría, catro pelos brancos peiteados sobre a calva. Era un gran tipo se o collías de bo xenio e sobrio: os domingos pola mañá, a principios de mes cando cobraba a paga de mestre xubilado, mercábame pan de figo, refrescos de cola e chupachups. Despois desaparecía, como todos os días á hora da sobremesa, e non volvía ata a noite totalmente trastornado. Ás veces subía as escaleiras cantando pero case sempre aparecía posuído por unha tristeza longa que se remontaba a anos atrás, á morte da avoa, pero sobre todo á guerra, a aquel momento en que tivo que deixar o seu posto de profesor universitario para ser confinado nunha aldea triste, a mil quilómetros polo menos da súa vida feliz. Decía mamá que daquela comezou a beber. Decía mamá que naquel tempo morreu moita xente, que outra xente abandonou o país e outra, coma o avó, agarrouse ao alcol para matarse a si mesmo lentamente. Eu non xulgo ao meu avó, a pesar de que os últimos anos que viviu con nós no miserable piso, non era máis que unha morea de carne

adubada en viño e en licores doces e venenosos. O curioso era que, malia estar tan gordo, apenas comía: só tomaba un café con leite e miolos de pan pola mañá e un grolo de sopa ao mediodía.

Eu era bastante pequena cando morreu. Tiña doce anos. Pero lembro cando chegou á casa, a mediados dos anos sesenta, cun sombreiro branco esfañado, cun par de maletas e unha bolsa de froitas de verán. Durante un tempo, ata que medrei o suficiente, tiveron que durmir con el no mesmo cuarto. El falaba na cama, ás veces choraba e eu non sabía se soñaba ou estaba esperto. Non sabía aínda dos delirios que lle provocaba o alcol. Se tiña unha boa noite, tiraba dunha das maletas algún libro e lía en voz alta. Aquel edificio, acabado de construír cando os meus pais mercaron o piso no que vivimos media vida, debeu tremer máis dunha noite coa voz atronadora do avó lendo a Valle-Inclán ou ao señor William Shakespeare, ao que chamaba “señor” porque era estranxeiro. Eu conservo aínda os vinte e tres libros que trouxo canda el á nosa casa nunha daquelas maletas de coiro gastado.

O meu pai tiña unha tenda pequena na que arraxaba reloxos de todo tipo: reloxos de pulso, espertadores, reloxos de parede. Na porta colgara un cartel no que escribiu con perfecta caligrafía caída contra a esquerda: “*Se arreglan suizos y japoneses*”. O avó, cada vez que paraba diante do cartel, morría de risa como se non soubese, o moi parvo, que os xaponeses e os suízos eran reloxos. A papá dáballa a oura pero non cambiou o carteliño ata o día que marchamos: desaparegouno da porta e esnaquizouno co mesmo orgullo que un guerreiro que matase ao seu máis afouto inimigo. A min acontecíame que, cada vez que o avó facía rabiarse a papá, eu quería máis a papá, prestáballe máis atención ao seu traballo de reparador reloxeiro e marabillaba cos minutos e as horas que toleaban, ou desaparecían, dentro das esferas.

Lembro tamén que ás veces alguén viña ata o noso edificio, chamaba a berros a mamá dende a rúa e mamá saía correndo da casa, co pranto nos ollos. Paraba no obradoiro de papá, collía unha vella carreta de metal e marchaba rúa abaixo

empurrándoa e coa cabeza baixa. Volvía ao cabo dun tempo empuxando a carreta rúa arriba, co avó escarranchado nela, totalmente inconsciente. E ela, coa cabeza baixa, totalmente avergoñada e imbando o orgullo. Sempre que algún veciño se lle achegaba para botarlle unha man, ela, sen dicir nin chío, arredábao cunha cotenada porque aquel pesadelo era seu, aquel castigo era só seu. Papá cargábao ó lombo, un corpo morto e tan gordo, e subían as escaleiras. Exhaustos, deitábano na cama e deixaban que durmisse a borracheira, coa baba a caerlle da boca e a camisa luxada de viño morado.

Nunca quixen probar o alcol e, como dicía, cando o fixen por vez primeira decidín que era unha sorte que non me gustase. Non quería ser coma o meu avó, non quería ser como os alcólicos daquel barrio triste e emporcallado do que lisamos cando papá, grazas ás súas habilidades cos xaponeses e os suízos, conseguiu aforrar algúns cartos e demos un paso máis cara ao centro da cidade. Pero, así e todo, a segunda vez que probei o viño gustoume. Deixoume na boca un sabor agradable de froita de primavera, sentínome máis lixeira e fixome rir. A partir de aí xa non parei e agora cada día sei que detrás da primeira copa virá a segunda e a terceira ata que a mente se me dilúa e deixe de pensar en calquera cousa coherente. Ás veces choro, coma o meu avó; ás veces enfádome e insulto os meus amigos; ás veces estou tan feliz que consigo deseñar os reloxos máis estrafalarios en moitísimo menos tempo que estando lúcida. Porque deseño reloxos e vivo soa dende hai anos: fun quen de dar moitos pasos cara ao centro da cidade e afasteime dos meus pais que seguen alí, na súa casaña a medio camiño entre a miseria e o meu benestar. Cando vou visitalos, case sempre os domingos pola mañá antes de abrir a primeira botella de viño, dexergo o meu pai sentado detrás dos amarelados visos da ventá da sala, lendo o xornal. Mamá sempre está cociñando ou movéndose pola casa. É difícil vela quieta, é difícil que se atreva a mirarme fixamente aos ollos. Sempre me pregunta: “Filla, estás ben?”, pero non me mira aos ollos, como se intuise en min a futura mirada vidrosa do avó, unha mágoa semellante, un silencio máis pesado que o figado máis avultado.

—Estou ben, mamá. Teño moito traballo e durmo pouco —respondo só por disimular o meu rostro canso, consumido. Pero teño a sensación de que non me cre, de que sabe moito máis do que eu sei.

A min paréceme que, como non bebo a purrela do meu avó, estou a salvo. Creo que porque gasto

unha enorme cantidade de cartos en viño boísimo, nunca terei a súa fasquía, nin a súa barriga, nin cheirarei a vómito. Penso todo iso e reclúome na casa, no meu traballo, e afástome cada vez máis dos meus amigos e só confío no bo viño para aguilloar a imaxinación. E el acaba por ocupar toda a miña vida, pérdome na súa cor, mergúlome no brillo irisado da copa, déixome emborrachar por dentro co seu diabólico sabor, aínda que se o penso hai xa tempo que non o gozo, que non o ulo, que só sinto como me baixa pola gorxa e nacen as primeiras náuseas. Co primeiro grolo, trouso. Os seguintes baixan un detrás do outro domesticando os órganos internos, mesmo o cerebro, mesmo o meu medo a que avolva a bile e me estoure o páncreas. Pero tanto me ten e sempre penso que será a derradeira vez, que non volverei beber despois de deseñar o derradeiro reloxo.

Cando vou ao supermercado, comprobo que cada vez como menos. Hai días en que digo: “hoxe non teño que traballar en ningún reloxo” e decido non mercar viño. Chego á casa e déitome no sofá, prendo a tele e evito pensar na anguria que me produce saber que non hai viño en ningún lugar da casa. Tomo un somnífero, ou dous, ou tres, e déixome caer nun sopor semellante ao do alcol. E así, atordada, boto o tempo ata que me chega unha nova encarga, un novo reloxo, e os xaponeses e os suízos comezan a xirarme na cabeza e non teño maneira de deter esa vertixe. Baixo ao súper e merco unha caixa de viño: volvo estar en paz.

Os meus veciños teñen un gato. Nos últimos tempos, e porque a súa terraza e a miña están apegadas, só falo co gato e cos meus veciños. Son unha parella de arquitectos que constrúe pontes, que tende pontes entre cidades e persoas. Cando o souben, cando falaron comigo por vez primeira, acobadámonos os tres na baranda metálica que separa as nosas terrazas e fixenme a ilusión de que eles ían deseñar unha ponte para min, para salvarme de semellante soidade, da incomunicación morada e voluntaria que me ensumía cada vez con máis frecuencia. Pero non construíron ningunha ponte, máis ben levantaron valos: aínda que ás veces ceabamos xuntos, falabamos de proxectos comúns —como unir un reloxo cunha ponte?—, tamén reparei en que me miraban con certas sospeitas e que se afastaban lixeiramente de min cando lles falaba dende moi preto. Mesmo un deles ousou dicirme un día que bebía demasiado e eu negueino. Negueino rotundamente: “só bebo un pouco viño de cando en vez, coma todo o mundo”. Pouco a pouco fomos perdendo a

relación e só sabía deles cando os escoitaba falar dentro da casa.

Tamén deixei de visitar a meus pais os domingos pola mañá porque ata os domingos se converteron en territorio alcólico. Ao cabo, só o gato me visitaba, deitábase na miña hamaca e agardaba os meus aloumiños e os meus silencios mentres miraba o afastado horizonte da cidade e intentaba atopar o xusto lugar onde medrei, e a rúa onde os meus pais durmían a sesta despois do xantar, onde papá estaría preocupado pola miña ausencia e mamá rezaría por tirar da cabeza a miña dolorosa e continua presenza.

—Es unha muller, por deus bendito! —berroume un día mamá por teléfono— Es unha muller nova. As mulleres non beben! Unha muller que bebe é a desghrasia máis ghrande do mundo.

Eu non souben que dicirlle. As mulleres non beben, claro, que imaxe pode dar unha muller borracha? Sentín vergoña, unha vergoña enorme ao decatarme de que mamá o sabía. Que todo o mundo o sabía. Que os meus veciños o sabían. Que as caixeiras do supermercado e os xoieiros que me encargaban deseños de reloxos e a moza que botaba dúas mañás por semana limpándome o apartamento o sabían. Que eu mesma o sabía. Que xa non había ningunha posibilidade de construírme unha ponte porque, cando me mirei no espello, recoñecín a morte cotiá do meu avó en min. Cando abrín a porta do frigorífico e só atopei un anaco de queixo podre, unha botella de leite acedo e unhas cenouras balorentas, souben que xa non era posible rescatarme porque a fame me abandonara. Deixara de comer, coma o avó, e lembreino estomballado panza arriba sobre a cama, o teito branco, o espello do armario, o meu ventre asomando sobre o cinto do pantalón, os

meus ollos mirándome como unha muller culpable de asasinarse a si mesma. E esa náusea case permanente, o atordamento, a dor de estómago ou de vesícula ou de fígado ou de riles. E o cheiro a améndoas rancias do meu corpo.

—Acabouse —díxenme. Estaba deitada na cama e erguinme. Era contra a tardiña. Saín á terraza e vin a agonía das plantas, afectadas polo mesmo abandono ao que sometín o meu propio corpo. Vin o sol atrapado nos cristais dos grandes rañaceos e a penumbra a caer sobre o barrio no que medrei. Vin o gato dos veciño durmindo na hamaca e oín aos seus donos rir dentro da casa. Repetinme que podía facelo, que as mulleres non bebian, que podía facelo. Souo o meu móbil e respondín á chamada cunha enerxía inusitada. Era un dos xoieiros para os que traballaba que, sorprendido pola miña euforia, díxome con sorna: “Que raro que esteas tan contenta, bebeches?”. Afundiuseme o mundo e o meu ton de voz cambiou: volví ao fastío habitual, á falta de risa e el pareceu tranquilizarse e fixome unha nova encarga. Mirei o solpor, entrei na casa e abrín a mellor botella de viño que tiña na despensa. Con cada grollo repetíame que ogallá o ser muller me fose un antídoto contra todo mal, contra toda soidade, contra as horas que eu porfiaba atrapar dentro dos reloxos.

Despois, non lembro ben o que pasou. Sei que acordei sentada na hamaca da terraza arrolándome co gato no colo e dicíndolle entre saloucos: “Que se fodan os xaponeses e os suízos. Só te quero a ti, cariño. Só te quero a ti”. Os meus veciños, anicados enfronte miña, intentaban consolarme sen saber exactamente de que. E eu, cando fun consciente da súa presenza, sentínme transportada no ventre da carreta de metal. Mamá rúa abaixo mamá rúa arriba.





# Míster Fox

Juan Felipe VILLAR DÉGANO

Coñecín a Míster Fox en Vigo, cando tivo a ocorrencia de reflotar os galeóns de Rande. Era un norteamericano que se fixera comprando e vendendo cereais. Millonario, completamente tópico, facíase acompañar nas súas viaxes por unha bañeira en forma de serea, de considerable peso, e por outras andrómenas semellantes. No seu país chamáballo, sen moita imaxinación, *o rei dos flocos de millo*; e aos setenta anos non perdera o seu antigo espírito combativo. Todos os días rompía un bastón de cana golpeando sen tregua paredes, árbores, coches, e tamén con máis frecuencia da debida, persoas. Segundo el, aquilo servíalle para manterse en forma.

Unha tarde de choiva e vento sur, Míster Fox contoume un curioso episodio da súa vida, chea dese tipo de excentricidades paranoicas ás que son tan afeccionados certa clase de ociosos. Como non tiña ningún familiar a quen deixarlle a súa fortuna, a obsesión por asegurarse un sucesor levouno a concibir un singular procedemento. O herdeiro no goce dos seus cereais sería aquel cidadán que nun paso de peóns non volvese a cabeza ao sentirse agredido polo estridente e ofensivo bucinazo do seu coche. A idea era posta en práctica todas as mañás. Acochábase no asento traseiro do seu flamante ford e ordenáballo ao chofer dar tres voltas pola cidade tocando o claxon en tres pasos de peóns do percorrido, e,

desde logo, evitando calquera amoestación da policía. Cada vez que os desprevidos transeúntes estaban no medio da calzada, o millonario facíalle un sinal ao condutor, e un agudo e inesperado chío perforáballes o tímpano. A reacción inmediata era correr, e en máis dunha ocasión tropezar e engancharse uns con outros ata acabar no chan. Os que volvían a cabeza, que eran todos, quedaban sen fortuna. *Son xente nerviosa..., asustadiza..., atenta a miudezas e que non sabe cara a onde dirixir os seus pasos*, dicía enfaticamente. Así os cualificaba, con certa empencha de perdedor que non era quen de disimular.

O método non daba resultado e a extravagancia do millonario xa transcendera, aínda que non o seu propósito, cando se produciu o milagre. Aquela mañá repetira o experimento dúas veces e como lle entraron as présas estivo a piques de abandonar o intento, pero por non violar as regras mandoulle ao chofer que fixese a última proba cun pequeno grupo de dúas señoras e un mozo. Ante a sorpresa de Míster Fox, o mozo continuou impávido o seu camiño, sen volverse unha polgada nin prestar atención aos bucinazos e á carreira das señoras. Encontrara o home! Mandoulle ao chofer que o seguise un rato, ata que seguro da súa tranquilidade detivo o coche e dirixiuse a el cheo de optimismo. Míster Fox recibiu a maior sorpresa da súa vida. O inmutable peón era xordo.



# O noso falcón

Juan Felipe VILLAR DÉGANO

Ramírez batía nas coxas coa porra de goma. Facíao coma un xogo, dando saltiños e amagando con fintas aos seus compañeiros. Ramírez asubiaba, sorría, e, de cando en cando, daba ordes misteriosas que se traducían en carreiras descontroladas para obreiros e estudantes. Tiña un código especializado e secreto que o fixera famoso en toda a cidade. Cando chiscaba os dedos: botes de fume. Un asubío longo: bólas de goma. Un corte de manga: lume real. Se chiscaba o ollo esquerdo calquera cousa era posíbel... Ninguén o facía mellor ca el e ninguén recibía tantas felicitacións. Era o máis perfecto depositario da orde; e os seus xefes, que o temían, pasábanlle afectuosamente a man polas costas e chamábano *o noso falcón*.

Calquera diría que estaba nunha sala de baile. Unha volta, unha agochadiña; outra volta, outra agochadiña. Todo isto con arte e bo humor. Chiscaba los dedos e sorría. Detrás das barricadas o fume e os estudantes sufocados. Volta, volta e volta... Pero esta vez interminable. O falcón Ramírez xiraba e xiraba coa súa propia porra baténdolle no rostro, furgándolle nos narices entre regueiros de sangue. Era un simple xogo. *O seu último invento para cazar ovellas*, como lle gustaba afirmar. E agora, por unha burla do destino, pensaba el sen entendela, os estudantes do coche envorcado minutos antes, indemnes de milagre, desaloxáranos por sorpesa do seu reduto máxico, e arrastrábano airados por un lameiro de vidros apuntados. Repetíase a escena do día anterior con

el de protagonista. Como en soños lembrouse de toda a escena. Alí estaba aquel estudante medroso e angustiado tentando ocultarse tras un portón da escola sen conseguilo. Viuse tamén a si mesmo perseguíndoo iracundo e apuntándoo coa súa propia pistola para facelo bailar. Despois dun rato o estudante caía na soleira da porta coa perna desfeita.

—*Isso para que te metass ssó nass túass coussass*, asubioulle rinchando os dentes. E agora, no mesmo portón caera el coa perna desfeita, e coma o estudante acurrulado a noite anterior, tamén el intentaba arrastrarse, asustado e demente, para salvar os poucos metros que o separaban da entrada.

Ramírez, sen tempo xa, arrastrábase proxectando a súa propia película entre botes de fume e gases lacrimóxenos. Cando lle tocou a vez ás bólas de goma e ao lume real, os tímpanos disparáronselle no interior e unha corrente de aceiro cortou ao biés e simultaneamente todos os músculos da súa cara. *Sería a lembranza dunha perigosa aventura en África*, como lle gustaba apostilar en ocasións semellantes. Puro xogo, dicía; e entre saltiño e saltiño un corte de manga. A bala penetroulle xustamente no ollo esquerdo, aquel mirador aveso, incontrolable e burlón. Foi entón cando se desataron contra el todas as pragas secretas do seu código, que o precipitaban, coma nun xogo —*Puro xogo camaradas!*— cara á historia interminábel e veraz dos seus propios horrores.